

## NOTA DE PRENSA

# O Acordo da Sionlla senta as bases da creación do Polo de Innovación en Biotecnoloxía para facer de Santiago e Galicia un “referente” no sector

**A Xunta aproba unha achega de máis de 4 millóns de euros para a construción dun edificio de servizos innovadores en terreos que cederá o Concello**

**Abrirase un portelo único para a captación de empresas e investidores, prevéndose incentivos ao solo e concesión de exencións fiscais**

- **José Fernández Alborés, presidente da AAET:** “O polo suporá un antes e un despois para a industrialización de Santiago”
- **Xosé A. Sánchez Bugallo, alcalde de Santiago:** “Os obxectivos son ampliar a base económica da cidade e ofrecerlle un futuro aos nosos fillos”
- **Ánxeles Vázquez, conselleira de Medio Ambiente:** “Agardamos que o polígono da Sionlla e Santiago sexan un referente de presente e de futuro”
- **Francisco Conde, conselleiro de Economía:** “Estamos desenvolvendo unha iniciativa con vocación industrial, a partires do coñecemento e do impulso da I+D”
- **Antonio López, reitor da USC:** “O polo biotecnolóxico xorde do coñecemento pero conta coa participación das Administracións e dos empresarios”
- **José Carballo García, vicepresidente da Cámara:** “Unha comunidade está en precario se non ten unha industria potente, e a das ciencias da saúde non é de menor valor, e máis no momento actual”

---

*Santiago, 30 de xuño de 2020 (Vía Láctea Comunicación).* - O Centro Empresarial do Tambre acolleu hoxe a reunión da **Mesa Institucional** do chamado “**Acordo da Sionlla**”, á que asistiron a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, **Ánxeles Vázquez**; o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, **Francisco Conde**; o alcalde de Santiago, **Xosé A. Sánchez Bugallo**; o reitor da Universidade de Santiago (USC), **Antonio López Díaz**; o vicepresidente da Cámara de Comercio de Santiago, **José Carballo García**; e o presidente da Asociación Área Empresarial do Tambre (AAET), **José Fernández Alborés**.

O “Acordo da Sionlla” ten por obxecto a realización de actividades conxuntas que favorezan a reindustrialización empresarial, a promoción do asentamento de empresas e a captación de proxectos de investimento nos sectores biotecnolóxico e da madeira no parque empresarial da Sionlla, en Santiago de Compostela, entre os que principalmente destaca a creación dun **Polo de Innovación en Biotecnoloxía**.

José Fernández Alborés sinalou que o polo é un magnífico proxecto para Santiago que suporá “un antes e un despois para a súa industrialización”, xa que a cidade non perdeu industria senón que baixou o seu peso no PIB, baixando dun 20 a un 7% que ten na actualidade.

Xosé A. Sánchez Bugallo lembrou que se leva moito tempo traballando nunha iniciativa na que o Concello está desde o minuto un. Sinalou que “os obxectivos son ampliar a base económica da cidade e ofrecerlle un futuro aos nosos fillos, xa que Santiago é unha cidade onde o 70% dos mozos e mozas composteláns de idades entre os 25 e 30 anos teñen titulación universitaria e demandan oportunidades laborais que non se circunscriben ao sector do turismo”.

Ánxeles Vázquez explicou que xa desde febreiro están reservadas sete prazas no polígono da Sionlla, é dicir, 64.000 metros cadrados de solo para ter un Polo tecnolóxico e optar por un futuro centrado na innovación, a investigación e a tecnoloxía. “Agardamos que o polígono da Sionlla e Santiago sexan un referente de presente e de futuro” –manifestou–.

Francisco Conde apuntou que este “Acordo da Sionlla” é un esforzo colectivo, iniciado en 2016, das administracións da cidade e da Xunta, da universidade e as empresas. “Estamos desenvolvendo unha iniciativa con vocación industrial, a partires do coñecemento e do impulso da I+D” –sinalou–. Francisco Conde engadiu que o polo permitirá desenvolver proxectos de I+D, do cal a primeira iniciativa será un centro de fabricación avanzada a disposición do sector biotecnolóxico, cun investimento de preto de 5 millón de euros, que lle permitirá gañar competitividade e mellorar a súa posición no eido industrial.

Antonio López destacou que, actualmente, a universidade pasou de ser docente a investigadora, “converténdose en axente dinamizador do seu contorno”, que participa coa Administración e as empresas para mellorar as condicións de vida, de traballo e económicas da súa sociedade. “O polo biotecnolóxico xorde do coñecemento pero conta coa participación das Administracións e dos empresarios” –indicou–.

José Carballo García destacou a colaboración público-privada neste proxecto que é un paso máis para a industrialización de Santiago e a súa comarca. “Unha comunidade está en precario se non ten unha industria potente, e a das ciencias da saúde non é de menor valor, e máis no momento actual” –engadiu–.

## Compromisos futuros do “Acordo da Sionlla”

Como resultado da análise e debate dos traballos de xestión realizados ata o día de hoxe, a Mesa acordou unha serie de compromisos futuros para continuar dándolle forma aos proxectos do “Acordo da Sionlla”. Impulsarán e apoiarán política e institucionalmente a creación do Polo de Innovación en Biotecnoloxía como punto focal da biotecnoloxía galega e como un instrumento que agrupará a todos os axentes –centros de investigación e innovación, empresas, persoas emprendedoras, investidores, Administración Pública, etcétera– nunha contorna que favoreza o desenvolvemento de novos negocios e a atracción de talento altamente cualificado.

Outro dos empeños da Mesa en relación ao Polo de Innovación en Biotecnoloxía será darlle visibilidade a nivel autonómico, nacional e internacional “para facer de Santiago e Galicia un referente no sector”, así como manter os incentivos que faciliten o acceso a solo empresarial bonificado ou en dereito de superficie para empresas que queiran desenvolver a súa actividade no Polo.

En canto a medidas tanxibles, a Mesa estudará e artellará incentivos que supoñan un solo empresarial bonificado ou en dereito de superficie para empresas que queiran desenvolver a súa actividade no Polo. Nesta liña, posibilitará a concesión de bonificacións e exencións fiscais que faciliten a localización de empresas e persoas emprendedoras, e que se enmarcarían na habilitación do Concello de Santiago como “Concello Doing Business Galicia – Concello Emprendedor”. Igualmente, valóranse a posibilidade de simplificar os trámites administrativos que axilien os procesos de localización de novas empresas e a concesión de axudas específicas para a implantación de empresas biotecnolóxicas, incluíndo aquelas destinadas á captación de talento e a súa contratación nas entidades e compañías localizadas no Polo.

Outra das liñas de traballo da Mesa é favorecer a creación dunha estrutura comercial que posibilite a atracción de investidores e empresas biotecnolóxicas, que exerza de portelo único para a promoción, prospección e acompañamento de novos proxectos empresarias. Tamén considérase necesario mellorar a conetividade, infraestruturas e loxística para o correcto desenvolvemento da actividade empresarial.

## A colaboración público-privada, clave na viabilidade do proxecto

O “Acordo da Sionlla” naceu en xaneiro de 2017 coa sinatura dun primeiro compromiso para favorecer o diálogo e a colaboración institucional en aras do desenvolvemento económico e social da cidade. Está integrado por dúas estruturas de xestión e representación: a Mesa Institucional e a Mesa de Traballo Executiva. O “Acordo da Sionlla” concretou durante estes tres anos a posta en marcha do ambicioso proxecto do Polo de Innovación en Biotecnoloxía, co apoio de entidades como o Clúster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida (BIOGA).

Para dar forma ao Polo de Innovación en Biotecnoloxía, deseñouse a idea do proxecto baseado na colaboración público-privada, déuselle visibilidade a través dos clústeres, centros de investigación e innovación e das diversas Administracións Públicas, que interiorizaron o concepto. Pero para acadar consistencia, os asinantes do “Acordo da Sionlla” lograron o “apoio decidido” de diversos investidores e empresas biotecnolóxicas ata o punto de involucrarse no proxecto.

A localización do Polo de Innovación en Biotecnoloxía no Parque Empresarial da Sionlla foi un aspecto fundamental desde o inicio, pola proximidade a centros de coñecemento e ás principais entidades públicas e privadas que lideran a biotecnoloxía en Galicia. A colaboración da Xunta de Galicia, a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo, que cualificou como “non dispoñibles para a venda” 63.798 m<sup>2</sup>, e a próxima cesión dunha parcela municipal no mesmo terreo, a través de UNINOVA, constitúen a base do Polo.

Ademais, a pasada semana aprobouse no Consello da Xunta unha achega de máis de 4 millóns de euros, a través da convocatoria de Centros de Fabricación Avanzada do Instituto Galego de Promoción Económica, para a construción da primeira infraestrutura do Polo de Innovación en Biotecnoloxía que se concretará nun edificio de servizos innovadores para empresas biotecnolóxicas para o cal o Concello de Santiago de Compostela cederá os terreos no Parque Empresarial do Tambre. Así, estase a traballar en impulsar a construción de dúas infraestruturas do Polo, unha para estes servizos especializados e outra para facilitar espazos industriais adaptados aos requirimentos técnicos e ás diferentes necesidades do sector.

Nunha primeira fase, construírse unha infraestrutura de servizos innovadores a empresas biotecnolóxicas, unha iniciativa público-privada con laboratorios de aproximadamente 50 metros cadrados para empresas post-incubación, cun investimento aproximado de 5.000.000 euros. Crearase ademais unha sociedade para recibir fondos da convocatoria de Centros de Fabricación Avanzada (IGAPE). E nunha segunda fase construíranse espazos industriais, de aproximadamente 500 metros cadrados, con financiamento privado e promovido polas empresas biotecnolóxicas en forma de cooperativa ou unión temporal de empresas. Contará cun investimento aproximado de 18.000.000 euros.

Tamén o “Acordo da Sionlla” apoiou a creación do *hub* de innovación dixital “DATA LIFE”, como parte do ecosistema innovador en biotecnoloxía. O *hub* ten por obxecto a integración da cadea de valor dos sectores de bioeconomía e saúde, promovendo a súa dixitalización, con financiamento da Xunta de Galicia.

Do mesmo xeito, participou activamente na xénese e consecución do proxecto “Spin & Up”, para a transferencia bidireccional empresa- universidade de coñecemento e tecnoloxía no Espazo de Cooperación Interreg Galicia- Norte de Portugal, no que a Asociación Área Empresarial do Tambre participa como socio; e a incubadora de proxectos biotecnolóxicos “BioIncubatech” para o fomento da innovación e transferencia da biotecnoloxía no ámbito da saúde e as tecnoloxías alimentarias.

En paralelo, o “Acordo da Sionlla” traballará para estender este modelo de Polo de Innovación ao sector da madeira, outro dos seus obxectivos fundacionais.

*NOTA.- Inclúe fotografías do acto*

**SAÚDOS**  
**PRENSA MESA DA SIONLLA/AET**  
**Manolo Fraga\_609 172 304**